

CAMPAMENTOS A LANZADA



DATOS XERAIS

As bases reguladoras publicáronse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* do 23 de febreiro de 2026 e están dispoñibles en <https://www.depo.gal>.

Ofértanse un total de 1.540 prazas, distribuídas en 11 quendas de 140 menores cada unha.



PARTICIPANTES

Nenas e nenos que cumpran os seguintes requisitos:

- Nacer entre 2013 e 2018 (ambos os dous incluídos).
- Estar empadroadas ou empadroados nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra.
- Non padecer ningunha enfermidade infecto-contaxiosa en fase activa.

Poderán participar menores en situación de tutela ou garda por parte da Administración que se atopen tanto en réxime de acollemento residencial coma en atención de día nalgún centro da provincia de Pontevedra.

No caso de menores que precisen dun apoio específico derivado dalgún tipo de discapacidade ou patoloxía, isto deberá facerse constar no cuestionario de saúde e autonomía persoal, e detallaranse as súas necesidades do xeito máis preciso posible.



SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación (<https://sede.depo.gal>).

Para presentar as solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admíte os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Opcionalmente, as solicitudes poderán presentarse de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra. Unha vez cuberto, xerarase a solicitude en formato PDF, que deberá imprimirse e asinarse obrigatoriamente para presentarse de forma física.

As persoas que desexen optar ás prazas reservadas para a inclusión social (ver condicións nas bases) poderán facelo a través dos servizos sociais comunitarios do seu concello.



PAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Do 2 ao 20 de marzo de 2026.



LUGAR DE REALIZACIÓN DO CAMPAMENTO

Nas instalacións do Centro de Vacacións A Lanzada, propiedade da Deputación de Pontevedra, situado na estrada de San Vicente do Mar, A Lanzada, s/n, O Grove.



QUENDAS

Os campamentos terán lugar entre o 21 de xuño e o 5 de setembro de 2026. Realizaranse once quendas, de sete días de duración cada unha (a entrada será o domingo pola tarde, e a saída, o sábado pola mañá), nas seguintes datas:

- **Primeira quenda: do 21 ao 27 de xuño.**

- **Segunda quenda: do 28 de xuño ao 4 de xullo.**

- **Terceira quenda: do 5 ao 11 de xullo.**

- **Cuarta quenda: do 12 ao 18 de xullo.**

- **Quinta quenda: do 19 ao 25 de xullo.**

- **Sexta quenda: do 26 de xullo ao 1 de agosto.**

- **Sétima quenda: do 2 ao 8 de agosto.**

- **Oitava quenda: do 9 ao 15 de agosto.**

- **Novena quenda: do 16 ao 22 de agosto.**

- **Décima quenda: do 23 ao 29 de agosto.**

- **Décimo primeira quenda: do 30 de agosto ao 5 de setembro.**

A realización da derradeira quenda estará condicionada á data de comezo do curso escolar 2026-2027.



PREZO

- O prezo da praza ordinaria é de 110 €.

- As familias numerosas e monoparentais aboarán 80 € por menor.

Para que se lles aplique este desconto, as persoas solicitantes deberán indicar no cadro correspondente do formulario de solicitude que son familia numerosa ou monoparental.

O título de familia numerosa será obxecto de consulta a través da plataforma de intermediación de datos. No caso de que a persoa solicitante non autorizase a devandita consulta, deberá achegar o documento acreditativo correspondente en vigor. O certificado de familia monoparental expedido pola Xunta de Galicia deberá anexarse, en todo caso, á solicitude. Se o título ou o certificado non estivesen en vigor, non será motivo de exclusión, pero, no caso de obter praza, aboarase a cantidade de 110 € por menor.

- Co fin de asegurar a igualdade de oportunidades, a institución provincial asumirá o 100 % do prezo das prazas do procedemento específico reservadas para a inclusión social.

O prezo da praza inclúe:

- Aloxamento e manutención.
- Todas as actividades do campamento e as excursións.
- Un seguro.



INCORPORACIÓN E SAÍDA DO CAMPAMENTO

A incorporación ao campamento o día de inicio da quenda correspondente será das 16 ás 18 horas. Non se admitirán participantes despois dese límite horario, salvo que haxa unha razón debidamente xustificada. A saída do campamento, o día en que finalice a quenda correspondente, será ás 10 horas.

A Deputación poderá establecer un horario de entrada e saída gradual para evitar aglomeracións ou outro tipo de incidencias na recepción e partida das e dos menores, así como calquera outro sistema que permita axilizar a entrada e a saída con todas as garantías. Tales medidas, en caso de adoptarse, publicaranse na web da Deputación a semana previa ao comezo de cada quenda.

No suposto de abandono da actividade ou expulsión da persoa participante, será responsabilidade da nai, pai ou persoa titora o traslado ao seu domicilio e os gastos que este ocasionen.



ADXUDICACIÓN E PAGAMENTO DAS PRAZAS

A adxudicación das prazas realizarase por sorteo público. As nenos e nenos que non obtivesen praza no sorteo pasarán ás listas de agarda. Despois da realización do sorteo de adxudicación de prazas, publicaranse na Sede electrónica da Deputación os documentos de pagamento e a forma, o prazo e os lugares para realizalo. As vacantes que se produzan por non efectuar o pagamento no prazo establecido ou por renunciar á praza obtida no sorteo adxudicaráselles ás e aos menores da lista de agarda.



Deputación
Pontevedra